

Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés

Charlando en familia: "Adolescentes tecnolóxicamente sans/sas"

Descrición: Charla que trata temas como sexing, grooming, cyberbullying, apostas... o importante que é educar no bo uso da tecnoloxía e o seu manexo.

Inscripción: Non é necesaria.

Data e hora: Xoves 25 de abril as 20 horas

Lugar da actividade: Museo Municipal Manuel Torres (Marín).

Poboación á que vai dirixidas: Poboación xeral

Bisutería con zipper (cremalleira)

Descrición: Dentro do programa "Cóllelle o gusto" ofrecen talleres de balde e a oportunidade de probar e descubrir novas afeccións, ao mesmo tempo que se comparte tempo de lecer con outras persoas.

Inscripción: No Pazo Besada

Data e hora: Venres 26 de abril de 17:00 a 21:00 horas.

Lugar da actividade: Casa Rosada

Poboación á que vai dirixidas: Poboación xeral

Andaina Centros de Saúde de Lérez, A Parda e Virxe Peregrina

Descrición: O Centro de Saúde de Lérez e o de A Parda organizan de forma conxunta unha andaina en conmemoración do día da actividade física. Partindo de ambos Centros de Saúde farán un recorrido no que ambos se reunirán na Illa das Esculturas. O chegar realizaran exercicios a cargo dos fisioterapeutas dos Centros de Saúde e darán breves consellos os diferentes profesionais.

Inscripción: Nos Centros de Saúde

Data e hora: Xoves 4 de abril de 10:30 a 12:30 horas

Lugar da actividade: Centro de Saúde de Lérez e A Parda

Poboación á que vai dirixidas: Poboación xeral

Obradoiro de hixiene e coidados bucodentais

Descrición: Obradoiro para actualizar coñecementos en materia de hixiene dental.

Inscripción: Escola Galega de Saúde para Cidadáns

Data e hora: Venres 19 de abril de 17:00 a 21:00 horas

Lugar da actividade: Centro Cívico de Barro.

Poboación á que vai dirixidas: Poboación xeral

Patinaxe para adultos

Descrición: Curso de patinaxe para adultos.

Inscripción: No teléfono 647 417 325 (Sabela). Aberta ata completar aforo.

Data e hora: Mércores de 20:00 a 21:00 horas

Lugar da actividade: Pavillón Gustavo Dacal, Ponte Caldelas

Poboación á que vai dirixida: Adultos.

Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés

Pontevedrada 2024

Descrición: A Asociación de Amigos de la Pontevedrada (ASAMPO) organiza un ano máis a marcha nocturna solidaria para concienciar á poboación sobre a importancia da doazón altruísta de sangue, órganos e tecidos. O percorrido realízase polo Camiño de Santiago Portugués, dende a cidade de Pontevedra ata a praza do Obradoiro de Santiago de Compostela, cun total de 67 Km.

O custo da inscrición é de 10€ para gastos de xestión.

Data e hora: Sábado 27 de abril ás 20h

Lugar da actividade: saída da Praza da Ferrería de Pontevedra.

Poboación á que vai dirixida: Poboación en xeral

O custo da inscrición é de 10€ para gastos de xestión.

Aproximación ao dano cerebral adquirido

Descrición: Obradoiro para capacitar á poboación da nosa comunidade autónoma sobre o dano cerebral adquirido, as súas principais causas e os seus síntomas, factores de risco e pautas de actuación.

Inscrición: Escola Galega de Saúde para Cidadáns

Data e hora: Mércores 17 de abril de 14:30 a 18:30 horas

Lugar da actividade: Casa social forestal As Canteiras, Noalla (Sanxenxo)

Poboación á que vai dirixida: Poboación en xeral, facendo especial atención ás mulleres e persoas maiores de 50 anos.

Trail vila de Cuntis, X Aniversario

Descrición: Trail vila de Cuntis, organizado polo Club de Montaña Xesteiras en colaboración coa Federación galega de montaña. Suporá o Campionato Xunta de Galicia de carreiras por montaña 2024. Percorreranse 3 distancias: 28 km (Cto Galego absoluto e promesas), 15 km (Cto Galego "júnior" e xuvenil) e 9 km (Cto Galego cadete).

Os prezos serán: 20 € para a distancia de 28 km, 14 € para a distancia de 15 km e 8 € para a distancia de 9 km. Incrementaranse 5 € para persoas NON federadas na Federación galega de montaña.

Inscrición: Inscrición - 321Go

Data e hora: Domingo 7 de abril as 09:00 horas

Lugar da actividade: Praza das árbores, Cuntis.
Poboación á que vai dirixida: Poboación xeral repartida por categorías.

Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés

Andaina polo día mundial da actividade física

Descrición: O Centro de Saúde de Marín organiza unha andaina polo día mundial da actividade física.

Inscrición: Non é necesaria.

Data e hora: Venres 5 de abril ás 11:00 horas

Lugar da actividade: Saída do Centro de Saúde de Marín

Poboación á que vai dirixida: Poboación xeral

Obradoiro DIVERSAS

Descrición: Obradoiro afectivo sexual en igualdade que lanzan dende o CIM de Soutomaior dentro do Espazo de Autocoidado. Terá lugar os días 2 de abril, 7 de maio, 4 de xuño e 2 de xullo.

Inscrición: Diversas: Obradoiro Afectivo Sexual en Igualdade (gabinetesoutomaior.com)

Data e hora: Martes 2 de abril de 10:30 a 12:00 horas

Lugar da actividade: Centro de Benestar Integrado (Multiusos)

Poboación á que vai dirixida: Mulleres

I Trail Laxe dos Bolos 2024

Descrición: O Concello de Caldas de Reis, dende a Concellería de Deportes, organiza a I edición do Trail Laxe dos Bolos, constando de dúas probas de carreira oficiais para o Ranking Galego e unha andaina non competitiva. A proba entra dentro da especialidade atlética do Trail Running e estará baixo o control técnico do Comité Galego de Xuices da Federación Galega de Atletismo. En adultos disputarase sobre 2 distancias trail (27 e 8 km aprox.), estando aberta a proba de 8 km a categorías inferiores a partir de 14 anos cumpridos; tamén haberá una andaina de 8 km aprox.

Inscrición: I Trail Laxe Dos Bolos 2024 - Carreiras Galegas

Data e hora: Domingo 21 de abril as 09:00 horas.

Lugar da actividade: Cada proba ten un lugar de saída.

Poboación á que vai dirixida: Poboación xeral.

II Andaina solidaria do 8 M do Concello de Meis

Descrición: Debido o mal tempo, a andaina organiza polo concello de Meis o día 10 de marzo foi aprazada para este mes de abril. Con motivo do Día Internacional da Muller organizan a III Andaina solidaria pola Ruta da Pedra e da Auga con visita ao Mosteiro de Armenteira (Recorrido de ida e volta pola senda). A recadación doarase integramente á Asociación Española Contra o Cancro (AECC). Ruta non accesible para cadeiras de rodas nin carriños de bebé.

Inscrición: Magmasports III ANDAINA SOLIDARIA CONCELLO DE MEIS

Data e hora: Domingo 28 de abril as 0:30 horas.

Lugar da actividade: Saída de San Martiño, na mesma Ruta da Pedra e da Auga.

Poboación á que vai dirixida: Poboación xeral.

Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés

Curso manipulación de alimentos

Descrición: O Concello de Bueu, a Federación Pola Igualdade da Provincia Pontevedra e o Grupo Aselp organizan o curso de manipulación de alimentos de balde.

Inscrición: No correo benestarsocial@concello-debueu.gal ou no teléfono 886124816

Data e hora: Mércores 3 de abril de 0:00 a 13:00 horas

Lugar da actividade: Sala Multiusos do Centro Social do Mar, Bueu.

Poboación á que vai dirixida: Poboación xeral.

O CMUS Manuel Quiroga no Principal

Descrición: Concerto de Música de cámara a cargo do CMUS Manuel Quiroga. Entrada de balde ata completar aforo.

Inscrición: Non é necesaria

Data e hora: Mércores 10 de abril as 20:00 horas

Lugar da actividade: Teatro principal de Pontevedra

Poboación á que vai dirixida: Poboación en xeral

VIII Volta/andaina á Illa de Ons 2024

Descrición: Proba deportiva con dúas modalidades. A carreira cunha distancia de 19 km terá un custo de 30 € por participante e inclúen o dorsal, billete de ida e volta, froita, bebida, camiseta conmemorativa e outros agasallos. A andaina de 10.5 km ten un custo de 23 € por participante e inclúen billete e ida e volta e regalo conmemorativo. Para ambas probas as prazas son limitadas.

Inscrición: VIII Volta/Andaina á Illa de Ons 2024 - ccnorte.com

Data e hora: Domingo 28 de abril as 08:00 horas.

Lugar da actividade: Saída dos barcos para Ons dende o peirao de Bueu.

Poboación á que vai dirixida: Poboación xeral.